

Complemento ás páxinas 65 e 66 do noso libro

Alfonso Daniel Rodríguez CASTELAO

Un dos maiores xenios da nosa arte e literatura



Breve biografía

Nado en Rianxo, sendo neno vive uns anos na Pampa arxentina; de volta a Galiza, estuda Medicina e entra en política. Achégase ao agrarismo, funda con Risco e Otero Pedrayo a revista Nós e colabora no Seminario de Estudos Galegos en calidade de especialista en arte. Durante a 2a República convértese en deputado nas Cortes co Partido Galeguista; dous anos despois é desterrado a Estremadura, onde comeza a redacción da chamada "Biblia" do nacionalismo galego, *Sempre en Galiza* (que publicará no exilio, en Buenos Aires, en 1944).

Atópase en Madrid cando se produce o golpe de estado do 18 de xullo do 36 e, logo de colaborar co goberno republicano durante toda a Guerra Civil, marcha ao exilio a Buenos Aires, onde permanecerá até a súa morte en 1950, sendo incapaz de conquistar o seu soño de voltar a Galiza.

Castelao: artista multidisciplinar

Resulta especialmente significativa e impresionante a variedade das actividades nas que Castelao destacou. Foi o principal dirixente do nacionalismo galego, humorista gráfico da prensa diaria (*Cousas da vida*), pintor, investigador da arte popular (*As cruces de pedra na Bretaña, As cruces de pedra na Galiza*), debuxante (*Nós, Galicia mártir, Atila en Galicia e Milicianos*), teórico do nacionalismo galego (*Sempre en Galiza*) e, por último, narrador (*Un ollo de vidro, Cousas, Retrincos e Os dous de sempre*).

Hai quen di que foi el quen inventou a banda deseñada.

Ademais, era médico de profesión!


Castelao: un emblema para Galiza

Castelao é, sen dúbida, a única figura da literatura galega que se achega á forza emblemática de Rosalía de Castro.

A diferenza do resto dos membros do Grupo Nós, Castelao nunca se sentiu elitista nin individualista. El é un membro máis do pobo galego e a capacidade de conexión coas clases máis desfavorecidas relaciónase coa súa innata sensibilidade e, como non, coa súa humilde orixe. A análise da realidade realízase con frecuencia desde a perspectiva humorística non exenta de ironía ou de retransca.



A derradeira lección do mestre



Orixinalidade técnica e compromiso ético

COUSAS: Castelao mesturou texto e imaxe. Moitas das súas obras narrativas ían acompañadas de debuxos ilustrativos e inventou un xénero literario: as cousas. Buscaba a aparencia de naturalidade das súas obras, retocaba unha e outra vez, e nunca improvisaba. Para isto botou man dunha sintaxe simple e dun léxico preciso.

COMPROMISO COS MÁIS VULNERÁBEIS: A coidadosa elaboración formal da súa prosa non levou consigo o descoido do compromiso ético cos seres humanos máis humildes do pobo galego. Foi un artista apreciado polas minorías, xa que todos os lectores podían gozar dos seus textos ao non ser necesaria unha gran formación cultural para entendelos.

Podemos atopar nas súas obras: pobres, migrantes, mulleres, crianzas, cegos...

Cousas



Cegos



Castelao: temáticas fundamentais

Os temas presentes na obra de Castelao son universais e transcendentos. Son produto dunha atenta observación da realidade. É posíbel destacar unha serie de constantes temáticas tanto na súa obra narrativa como gráfica:

- A morte.
 - O amor.
 - A defensa da lingua.
 - As vivencias da emigración.
 - As clases populares (vida mariñeira e labrega).
 - As diferenzas entre as clases sociais. O caciquismo.
 - A crítica social e a inxustiza.
 - Os defectos e as virtudes do pobo galego.
-
-

A morte de Castelao

O 7 de xaneiro de 1950, Castelao morre en Buenos Aires. Foi embalsamado para cumprir o seu desexo de, algún día, regresar a Galiza. Os seus restos foron envoltos na bandeira da patria galega, para el sagrada, e cubertos por terra tamén galega.

Castelao. A morte (1950)



O regreso a Galiza (1984)

<https://www.youtube.com/watch?v=tnl3b2h3M7U>